

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2023 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e dos usos portuarios dos portos de Ortigueira e de Espasante (Ortigueira, A Coruña).

A Área de Explotación e Planificación Portuaria da entidade pública empresarial Portos de Galicia redactou o documento da delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) dos portos de Ortigueira e de Espasante, instalacións portuarias situadas no termo municipal de Ortigueira, na provincia da Coruña, e adscritas á entidade pública para a súa xestión.

Este documento foi redactado e tramitado de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 236, do 14 de decembro).

Na reunión do Consello Reitor de Portos de Galicia, que tivo lugar o día 16 de outubro de 2023, este acordou dar a súa conformidade á proposta da DEUP dos portos de Ortigueira e de Espasante, así como eleva e propoñela para a súa aprobación a través da Consellería do Mar.

Unha vez visto o Informe da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria de Portos de Galicia, do 9 de outubro de 2023, sobre o trámite da proposta da DEUP, que conta coa conformidade do director da entidade pública empresarial do 10 de outubro de 2023, así como o Acordo do seu consello reitor, do 16 de outubro de 2023, en que dá a conformidade á proposta da DEUP dos portos de Ortigueira e de Espasante e a eleva e a propón para a súa aprobación, a Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia, por delegación do conselleiro do Mar conferida pola Orde do 15 de marzo de 2022 pola que se modifica a Orde do 21 de febreiro de 2022,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e dos usos portuarios dos portos de Ortigueira e de Espasante (Ortigueira, A Coruña), datado en outubro de 2023 e asinado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Andrés D. Cervantes Refojos, xefe do De-



partamento de Planificación Portuaria de Portos de Galicia, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, xefa da Área de Explotación e Planificación portuaria de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2023

José Antonio Álvarez Vidal
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: 0m5ngzs0-bkc1-zw18-9hu0-tl9uevxdmqq3

